



A SERPE DE UN SÓ OLLLO



Boas,
meus amigos.

Estou aquí na miña casa co meu amigo Eloy, todos din que estou tolo por ter un amigo imaxinario. Eloy é un ser con forma de porco, orellas de burro, dentes de vaca vella e pés e mans de ser humano, é dicir, é algo raro. Por certo, eu chámome Ermesindo e vivo no ano 3 000, tamén chamado 3º milenio. Son algo baixo, moreno, ollos azuis e moi delgado; son moi inquedo, non dou estado quieto, e gústame todo o relacionado coas aventuras e os deportes.

Escribovos, queridos lectores, dende o futuro, por medio de internet, que dende o voso tempo avanzou moito. Agora podemos mandar mensaxes ao pasado, aínda que non podemos recibilas. Tamén cambiou moito o lugar onde vivimos; ademais de vivir no planeta Terra, agora tamén vivimos en Venus, Mercurio, Saturno e Marte, onde me pasou a historia que agora mesmo ides ver.

Vouvos contar como o meu amigo Eloy, do que xa vos falei, e mais eu, liquidamos á "Serpe dun só Olllo", que tiña

recrutada á forza a moita xente que traballaba para ela.

Todo comezou en xaneiro, estaba todo nevado e ía moito frío, polo que decidín quedar na casa. Como non tiña nada que facer púxenme a falar polo vídeo-telefone co meu curmán de Marte; Marte, xa que saíu a o conto, foi colonizado no 2 836 por cinco galegos, un gran pobo que logo de este gran acontecemento se converteu en país; o chamado "Novo Reino da Coroa Galega". Ao que iamos, cando me puxen a falar co meu curmán quedei abraído do que me contou. Díxome que na zona norte de Marte unha gran serpe que só posuía un ollo e medía cinco metros, estaba a aterrorizar a xente das vilas; segundo me contou, ninguén se atrevía a facer nada, polo que decidimos actuar nós pola nosa conta. Entón collín o transportador e dirixíme alí. O transportador é algo entre un coche e un helicóptero que, en vez de ir rodando, vai voando, ao contrario que os vosos coches, os transportadores pasan de 5 000 km/h. Grazas a esta velocidade logo cheguei a Marte.

Cando cheguei, o panorama que atopei era arrepiante; unha gran serpe levaba a xente para os montes, entre eles a meu curmán.

Había tres grandes montes nos que a serpe facía cavar as súas covas, ás que denominaba as "Covas da Serpe", estes montes eran: o de Venus, o de Mercurio e o de Saturno, chamábanse igual que os planetas recentemente conquistados. A serpe estaba levando a meu curmán e ao resto da xente cara ao Monte de Venus.

Collín rumbo ao monte,

pero como levaba moito tempo sen comer, parei nunha pousada. Alí foi onde coñecín a Eloy, do que xa vos falei, todos din que o coñecín alí porque alí foi onde me volví tolo da fame, pero eu sei que non é así. En canto comín, partín rumbo ao Monte de Venus, Eloy acompañoume. Unha vez alí vemos unha gran praza cunha fonte no medio coa figura da serpe. A serpe atopábase no punto máis alto da praza durmindo no seu trono, estabamos a ver de cerca por primeira vez a "Serpe dun só Olllo" como alí lle chamaban.

Sabíamos que a serpe era moi sensible na cabeza xa que, antes de vir, decateime de toda a movida. Entón Eloy e mais eu buscamos un plan.

Logo de pensar un bo anaco, demos co plan axeitado. Ferveríamos unha cuba de 1 000 litros de auga, elevariámola coa axuda do transportador e deixariámola caer sobre a serpe. Así se fixo. Cando empezamos a verter a auga sobre a cabeza da Serpe, esta empezou a berrar e a derramar un líquido branco ardendo que supuxemos que era o seu sangue, que ao pasar queimaba todo ao seu paso. Logo, fomos rescatar a xente, que estaba encadeada traballando.

Máis tarde, cando xa pasara o susto, houbo explicacións e todo o que fixo falta. A continuación, despedímonos de meu curmán e dirixímonos rumbo á Terra. Eloy decidiu vir comigo, e así foi.

E esta é a miña historia, queridos lectores. Por hoxe téñovos que deixar que Eloy anda rosmando polo seu penso. Ata pronto amigos.

IVÁN GARCÍA SÁNCHEZ, S3ºB